



NOTA DE PRENSA

O domingo parte cara León, un dos principais mercados emisores de turistas que viaxan a Galicia

O autobús promocional “Costa da Morte, un mar de vida” visita este fin de semana Pamplona despois de rexistrar gran afluencia de visitantes ao seu paso por Donosti

A Coruña. Venres 13 de novembro de 2009./ Tralo éxito acadado en Barcelona, co partido disputado no Nou Camp entre o FC Barcelona e o RCD Mallorca e na feira Agrotur celebrada o pasado fin de semana en Cornella, o autobús “Costa da Morte, un mar de vida” visita este fin de semana a Comunidade Foral de Navarra, despois de abandonar o País Vasco na xornada de onte.

Durante a súa estadía en Donosti, máis de cincocentas persoas subiron ao autobús promocional para coñecer a Costa da Morte e adentrarse nos seus segredos a través da información proporcionada polos técnicos en turismo que viaxan co vehículo e o abundante material promocional existente.

Segundo o informe realizado polos profesionais desprazados, a maior parte dos cidadáns que se achegaron ao vehículo fixérono para obter información sobre os recursos turísticos do territorio e sobre os aloxamentos existentes, con vistas a un posible viaxe á comarca.

Entre o material que está tendo mellor acollida destacan as guías xeral e abreviada, a guía de sendeirismo e o mapa do territorio, practicamente esgotado na primeira visita e do que xa se están reeditando novos exemplares.

O autobús estará estacionado ata o vindeiro sábado no céntrico e frecuentado parque da Taconera, en Pamplona, localidade na que se espera realizar unha boa campaña co reparto de material promocional e información detallada sobre o territorio. O domingo, o autobús partirá cara León, unha das principais cidades emisoras dos turistas nacionais que viaxan a Galicia.

www.turismocostadamorte.com

